

Resumo da programación

**DEPARTAMENTO DE LINGUA
GALEGA E LITERATURA**

CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA

CURSO 2021-2022

Profesores: Ana González Cumplido

Xulio Xosé Pérez Pereiras

Beatriz Sarria Carballal

INTRODUCCIÓN

O presente documento é unha versión resumida da programación do departamento de Lingua Galega e Literatura para o curso 2021/2022 no CPI de Mende. A versión completa está a disposición pública no centro.

Como ferramenta de traballo que é, esta programación pode verse alterada durante o desenvolvemento do curso para achegala dunha maneira máis eficaz a realidade da aula.

A temporalización da programación fai referencia a tres avaliacións. Téñase en conta que o curso estrutúrase da seguinte maneira:

- 1ª avaliación: ata o 14 e 15 de decembro
- 2ª avaliación: ata o 30 e 31 de marzo
- 3ª avaliación: ata o 6 de xuño

De cada curso aparecen recollidos grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe, os criterios de cualificación e as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes e os libros de lectura obrigatoria de cada curso.

1. O DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Durante o curso que comeza, o Departamento de Lingua galega e Literatura estará formado polas profesoras **Beatriz Sarria Carballal** (do Departamento de Lingua Castelá e Literatura), que impartirá un reforzos de 1º ESO; **Xulio Xosé Pérez Pereiras** que impartirá 1º ESO, 3º ESO e Reforzo de 2º ESO, e por **Ana González Cumplido** que impartirá clases en 2º, 4º de ESO, un reforzo 1º ESO e un grupo de AEF, e que exercerá como xefa de departamento.

2- 1º DE ESO

2.1 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

- Le con fluidez e atención textos de distintos tipos e coméntaos seguindo uns criterios dados.
- Distingue tipos de textos (oral/escrito, formal/informal...), segundo a situación comunicativa.
- Diferencia textos literarios e textos non literarios.
- Recoñece as peculiaridades dun texto literario dado e identifica o xénero ao que pertence (narrativa, lírica e teatro).
- Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: narrador, personaxes, espazo e tempo.
- Identifica a estrutura dun texto narrativo.
- Identifica as características dun conto popular.
- Identifica a lenda como un xénero da literatura popular e recoñece as súas características propias.
- Identifica a rima dos poemas e distingue entre rima consonante e asonante.
- Analiza textos pertencentes ao xénero lírico e identifica as estrofas.
- Identifica cantigas e romances como manifestacións da lírica popular.
- Recoñece as características básicas do xénero teatral.
- Analiza os elementos dun cómic.
- Recoñece e sabe redactar unha descrición, a partir de modelos e de pautas dadas.
- Identifica as partes dun xornal e analiza unha noticia.
- Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.
- Amplía o vocabulario básico relacionado con:
 - O dormitorio, a familia, a aula e a rúa.
 - As accións do corpo.
 - Os cinco sentidos e as maneiras de ser. Tamén dos animais.
 - Os seres vivos, as festas e o deporte.
 - As accións de cociñar e comer.
- Recoñece as distintas clases de palabras: artigos, demostrativos, posesivos indefinidos, interrogativos, exclamativos e numerais.
- Indica o xénero e número dalgúns substantivos e adxectivos.
- Coñece as regras de formación do feminino e o plural dos substantivos e adxectivos.
- Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.
- Identifica e utiliza correctamente as formas tónicas do pronome persoal.
- Recoñece as formas átonas do pronome persoal.
 - Emprega correctamente os alomorfos o/lo/no.
 - Coloca adecuadamente o pronome cando segue a regra xeral, en oracións negativas e con pronomes interrogativos e exclamativos.
- Identifica a conxugación á que pertence unha forma verbal e coñece as súas formas nominais.
- Sabe conxugar os verbos regulares.

- Sabe conxugar algúns verbos regulares que poden ofrecer certas dúbidas respecto da súa regularidade (-cer, -cir).
- Sabe conxugar algúns verbos irregulares: ser, estar e haber.
- Identifica os adverbios e as locucións adverbiais.
- Clasifica os adverbios e locucións adverbiais segundo o significado que expresen.
- Recoñece preposicións e conxuncións máis frecuentes e utilízalas correctamente.
- Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas regulares.
- Comprende que é un campo semántico
- Lembra e practica a relación de sinonimia e antonimia.
- Recoñece e emprega correctamente algunhas palabras homófonas.
- Coñece e aplica os sufixos máis habituais na formación de palabras derivadas.
- Forma e identifica palabras compostas.
- Identifica e corrixe os castelanismos léxicos máis frecuentes.
- Comprende o concepto de préstamo e identifica algúns.
- Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.
- Clasifica as palabras polo número de sílabas.
- Distingue sílabas tónicas e átonas.
- Identifica e analiza ditongos e hiatos.
- Aplica correctamente as regras xerais de acentuación.
- Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación (as palabras máis usuais que se distinguen por til diacrítico)
- Aplica correctamente as regras de uso de *i*, *ll* e *x*; de *b* e *v*; *do s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-*.
- Escribe correctamente palabras con e sen *h*.
- Coñece e aplica correctamente as regras que rexen o uso das maiúsculas (ao inicio de texto e despois de punto, nos topónimos e antropónimos, nos títulos)
- Coñece e aplica correctamente as regras de uso do punto, coma, punto e coma dous puntos e signos de interrogación e de admiración.
- Valora a riqueza das linguas.
- Identifica algunhas linguas de Europa e a súa situación.
- Identifica as linguas da Península Ibérica e coñece a lusofonía.
- Coñece a lexislación sobre o galego.
- Coñece e respecta as variedades que se dan na fala do idioma galego.
- Infórmase e coñece a presenza da lingua galega en Internet.
- Entende a utilidade do galego para comunicarnos entre nós e con xente doutros lugares.
- Coñece o concepto de prexuízo lingüístico.
- Comenta diferentes actitudes lingüísticas.
- Esfórzase por utilizar o galego con corrección oralmente e po escrito.

2.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación de cada avaliación farase en función do seguinte baremo:

- 50% nas probas obxectivas.
- 30% nas exposicións, exercicios e intervencións orais.
- 10% libros de lectura obrigatoria.
- 10 % do caderno e exercicios de clase.

Os aspectos que se medirán para corrixir e cualificar as diferentes probas ou tarefas programadas serán os seguintes:

- Nas actividades de expresión oral valorarase o contido ou información transmitida, a claridade expositiva, o dominio dos aspectos non verbais (xestos e movementos, postura corporal, ollada...), o ton de voz e a expresividade, etc.
- Nas actividades de expresión escrita (probas obxectivas, resumos, desenvolvemento de temas, redaccións, elaboracións de noticias, composicións literarias, etc.) terase en conta a corrección gramatical e ortográfica, a presentación formal, a coherencia ou sentido lóxico do texto, a orixinalidade ou creatividade, a extensión adecuada, etc.
- Nas actividades de comprensión oral ou escrita terase en conta se o alumno formula o tema, se capta a estrutura, se comprende as informacións principais, se é quen de valorar ou amosar con espírito crítico a súa opinión persoal sobre algún aspecto concreto.
- Nos libros de lectura valorarase a comprensión do lido, a exposición oral e outras tarefas que realicemos sobre eles.
- No caderno de observacións do profesorado rexistraranse aspectos tales como: comportamento na aula, faltas de asistencia xustificadas e non xustificadas, traballo diario, ausencia de material necesario, participación e interese, acerto das intervencións, as diferentes cualificacións obtidas nas probas ou tarefas realizadas e a porcentaxe asignada na media trimestral...

Poderá haber descontos por:

- Erros ortográficos e mala presentación nos exames ou exercicios. (Ata un máximo de un punto)

Realizaremos un seguimento na aula dos libros de lectura obrigatorios. Aquel

alumnado que non supere este seguimento terá que realizar unha proba escrita antes do remate de cada avaliación.

Polo que se refire á cualificación definitiva do/a alumno/a no remate do curso, en avaliación ordinaria, será o resultado da avaliación final e global e dito resultado procederá da media entre as cualificacións das tres avaliacións, pero tendo en conta que a nota media do último trimestre é a máis importante das tres obtidas ao longo do curso.

En canto á avaliación extraordinaria de setembro, o alumno/-a deberá resolver unha proba escrita na que serán avaliados catro dos bloques de contidos: Comunicación Escrita, Funcionamento da lingua, Lingua e Sociedade e Educación Literaria na data e hora establecida desde xefatura de estudos.

Deberá entregar ademais un resumo capítulo por capítulo do/s libro/s de lectura obrigatoria se non os leu durante o curso e contestar ás preguntas orais que se lle formulen para demostrar que está feito por el/a.

O/a alumno/a superará a materia se acada nesta avaliación extraordinaria unha cualificación igual ou superior a cinco.

3- 2º DE ESO

3.1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Bloque 1. *Comunicación oral. escoitar e falar.*

- Comprende, interpreta, resume e valora textos orais utilizados no ámbito social e educativo.
- Desenvolve habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais dos demais.
- escoita de forma crítica e reflexiva sobre as mensaxes dos medios de comunicación, detecta aspectos.
- Produce de textos orais emitidos cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Produce discursos orais adecuados á situación e á intención comunicativa

desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- Constrúe discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e do mundo educativo.

Bloque 2. *Comunicación escrita. Ler e escribir.*

- Coñece e usa de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.
- Comprende e interpreta, en formato papel e dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias) e da vida cotiá.
- Comprende e interpreta textos instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
- Produce textos de distinta tipoloxía: narrativos, descritivos, expositivos...
- Planifica e revisa o escrito en función da situación comunicativa para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

Bloque 3. *Funcionamento da lingua.*

- Recoñece, explica e usa léxico básico dos campos semánticos: aspecto físico; sentimentos e estados de ánimo; roupa e calzado; a casa; informática; oficios e profesións; saúde; paisaxe marítima; e animais.
- Recoñece procedementos léxicos como: polisemia e homonimia, sinonimia e antonimia.
- Recoñece a fonética e a fonoloxía do galego (fonemas característicos do galego).
- Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta.
- Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Usa a puntuación en relación coa cohesión textual.
- Recoñece as clases de palabras a caracterización morfolóxica e uso correcto delas.
- Distingue os nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como

léxicos.

- Ten un dominio mínimo da sintaxe: a frase ou sintagma.

Bloque 4. *Lingua e sociedade.*

- Valora as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- Aprecia o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Recoñece a lusofonía (concepto e situación xeográfica)
- Sabe cal é a situación sociolingüística do galego.
- Valora o proceso de normalización.
- Coñece a situación legal das linguas do Estado español (en especial a do galego e castelán).
- É consciente dos prexuízos lingüísticos.
- Diferencia as variedades da lingua e valora a variante estándar en situacións de carácter formal.

Bloque 5. *Educación literaria.*

- Le, escoita e compara e textos pertencentes de diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as características, as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Produce textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

3.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación para 2º de ESO son, basicamente, os mesmos que expuxemos arriba para 1º de ESO. A avaliación será unha ferramenta que nos axudará a revisar, adaptar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Tres serán as avaliacións a realizar ao longo do curso, coincidindo unha por trimestre. Será sempre unha avaliación continua e formativa, sen case contidos teóricos senón fundamentalmente prácticos. Serviranos para localizar, valorar e interpretar as necesidades pedagóxicas que poidan xurdir ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe e irá determinando ata que punto se acadaron os obxectivos propostos para este nivel.

En cada avaliación faranse dúas probas escritas e unha ou dúas orais (segundo o tempo do que dispoñamos), para sopesar o dominio da materia por parte do/a alumno/a alumna e os seus avances. Os contidos de cada avaliación poden ser recuperados nunha proba escrita trimestral.

Para avaliar aos alumnos de ESO teremos en conta:

- O traballo en clase.
- A realización das tarefas encomendadas para ser realizadas fóra do centro.
- A expresión oral.
- A expresión escrita.
- A elaboración de traballos individuais ou colectivos.
- Os resultados das probas escritas (exames, controis...)
- A lectura obrigatoria de libros e os traballos presentados sobre dos mesmos.

Asemade, é importante que o alumnado participe no proceso de avaliación cunha autorreflexión ao respecto do seu proceso de aprendizaxe, valorando os progresos obtidos e as dificultades atopadas.

A cualificación de cada avaliación farase da seguinte maneira:

- Probas escritas 60%
- Expresión oral (intervencións na clase, exposicións, resumos orais...) 20%
- Lecturas obrigatorias 10%

- Caderno 10%

Todos os alumnos e alumnas deberán obter unha puntuación mínima do 40% en cada un dos apartados anteriores e sumar unha nota de cinco en total para ter aprobada a avaliación.

Os aspectos que se medirán para corrixir e cualificar as diferentes probas ou tarefas programadas serán os seguintes:

- Nas actividades de expresión oral valorarase o contido ou información transmitida, a claridade expositiva, o dominio dos aspectos non verbais (xestos e movementos, postura corporal, ollada...), o ton de voz e a expresividade, etc.
- Nas actividades de expresión escrita (resumos, desenvolvemento de temas, redaccións, elaboracións de noticias, composicións literarias, etc.) terase en conta a corrección gramatical e ortográfica, a presentación formal, a coherencia ou sentido lóxico do texto, a orixinalidade ou creatividade, a extensión adecuada, etc.
- Nas actividades de comprensión oral ou escrita terase en conta se o alumno formula o tema, se capta a estrutura, se comprende as informacións principais, se é quen de valorar ou amosar con espírito crítico a súa opinión persoal sobre algún aspecto concreto.
- No traballo sobre o libro de lectura valorarase a comprensión do lido, a presentación, a orixinalidade...
- Nas probas obxectivas valorarase a adquisición de coñecementos e habilidades relacionadas con todos os temas vistos.

Poderá subirse nota por:

- Lecturas voluntarias (ata 1 punto)

Poderá haber descontos por :

- Non traer as tarefas feitas (ata 1 punto)
- Ortografía (ata 1 punto)

Polo que se refire á cualificación definitiva do/a alumno/a no remate do curso, en avaliación ordinaria, será o resultado da avaliación final e global e dito resultado procederá da media entre as cualificacións das tres avaliacións.

En canto á avaliación extraordinaria de setembro, o alumno/-a deberá resolver unha proba escrita na que serán avaliados catro dos bloques de contidos: Comunicación Escrita, Funcionamento da lingua, Lingua e Sociedade e Educación Literaria. Deberá entregar ademais un resumo capítulo por capítulo do/s libro/s de lectura obrigatoria se non os leu durante o curso e contestar ás preguntas orais que se lle formulen para demostrar que está feito por el/a.

A data e hora desta proba será a establecida desde xefatura de estudos. O/a alumno/a superará a materia se acada nesta avaliación extraordinaria unha cualificación igual ou superior a cinco.

4- 3º DE ESO

4.1 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

- Comprende o sentido global de textos orais variados, diferencia entre opinión e información, resume eses textos integrando con claridade as ideas principais. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura dos mesmos, expresando razoadamente un xuízo persoal. Determina o tema e a intención comunicativa.
- Coñece as estratexias para falar en público: organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral, incorpora palabras do nivel formal, pronuncia con claridade e corrección, avalía todo o proceso.
- Emprega diferentes técnicas de lectura segundo o obxectivo e o tipo de texto. Avalía o seu proceso de lectura comprensiva seguindo fichas autoavaliadoras.
- Le, comprende e interpreta textos en formatos e soportes diferentes. Recoñece e formula tema e intención comunicativa en textos variados, identificando tamén a súa tipoloxía textual e a organización do contido.

- Coñece e usa as estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados. Revisa o texto en varias fases (contido e forma) e avalía tanto o seu proceso de escritura como o dos seus compañeiros/-as. Reescribe trala revisión aplicando as propostas de mellora.
- Recoñece as categorías gramaticais, as normas gramaticais e ortográficas. Utiliza este coñecemento para corrixir erros propios e alleos coa finalidade de mellorar as súas producións orais e escritas.
- Recoñece, usa e explica os elementos constitutivos da oración simple.
- Recoñece a coherencia dun discurso: a intención do emisor, a estrutura e disposición dos contidos.
- Explica as diferenzas lingüísticas segundo o tipo de texto aplica todos estes coñecementos nas producións propias e alleas para melloralas.
- Le de textos da literatura galega, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal para desenvolver os gustos propios e intereses literarios e a súa autonomía lectora.
- Valora os textos lidos, explica o seu contido e salienta as súas características.
- Recoñece os diferentes xéneros literarios e aos textos máis representativos da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
- Le e comprende textos dos diferentes períodos literarios, identifica o tema e resume o contido.
- Recoñece as características dos textos de distintas épocas, xéneros e autores.
- Redacta textos literarios seguindo modelos.

4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Segundo o libro de texto, a distribución de unidades por avaliación será a seguinte:

3º ESO	1ª AV. Temas 1, 2, 3 , 4.
	2ª AV. Temas 5, 6, 7, 8.
	3ª AV. Temas 9, 10, 11, 12.

Haberá un mínimo de dúas probas escritas por avaliación, que será a parte fundamental da nota (60%), e unha soa recuperación por trimestre. Para ser cualificado positivamente e poder facer media haberá que ter como mínimo unha nota de catro en cada exame.

A cualificación de cada avaliación farase da seguinte maneira:

- Probas escritas 60%
- Lecturas obrigatorias 10%.
- Exposicións orais 20%
- Exercicios e traballos (Redacción ou comentario quincenal) 10%

Poderá subirse nota por:

- Lecturas voluntarias: (ata 1 punto)

Poderá haber descontos por:

- Non traer as tarefas feitas (ata 1 punto)
- Ortografía (ata 1 punto)

5. - 4º DE ESO

5.1 GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

- Comprende e interpreta e textos argumentativos e expositivos de diversos medios.
- Comprende, interpreta e valora textos orais de natureza diversa.
- Desenvolve habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- Participa nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valora esta pronuncia e ten actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Produce discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- Coñece e usa de xeito progresivamente autónomo as estratexias necesarias para a produción de textos orais, as técnicas para aprender a falar en público e usa as TIC.
- Participa activamente e argumenta en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
- Participa en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.
- Comprende e interpreta textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.
- Comprende e interpreta textos argumentativos.
- Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- Usa técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
- Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.
- Compón en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.
- Valora a escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñece, explica e usa léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario específico do tema dado.
- Relacións semánticas: homonimia e polisemia; sinonimia e antonimia; hiponimia e hiperonimia; sigla e acrónimo; estranxeirismo e cultismo, onomatopea, tabú e eufemismo.

- Recoñece e usa as formas verbais da lingua galega e as perífrases máis usadas.
- Recoñece, explica e usa dos procedementos de creación de palabras.
- Coñece a fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).
- Usa eficazmente os dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.
- Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Analiza e usa de xeito reflexivo a puntuación en relación coa cohesión sintáctica.
- Coñece as estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.
- Recoñece usa reflexivamente os nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.
- Identifica a estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas.
- Identifica e explica os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.
- Recoñece e valora a adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.
- Identifica e utiliza progresivamente os coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade.

- Valora as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- Valora o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Recoñece a lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
- Coñece a situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.
- Coñece e valora o proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego.
- Sabe cal é a evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Analiza e comprende as causas e

consecuencias dos feitos máis relevantes.

- É consciente da situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- Recoñece e evita os prexuízos lingüísticos.
- Distingue e valora os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e a función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria.

- Identifica e comprende os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1863 ata a actualidade.
- Selecciona, le de forma autónoma e comenta obras representativas da literatura galega de 1863 ata á actualidade.
- Analiza textos literarios representativos da literatura galega de 1863 ata a actualidade identificando as características da principais etapas e tendencias, autores e obras significativas.
- Consulta fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitadamente estes.
- Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Para valorar e cuantificar o traballo do/a alumno/a, terase en conta os mesmos criterios que para 3º de ESO e que deseguido volvemos reproducir:

- O caderno de traballo, no que figurarán todos os exercicios, coas correccións oportunas realizadas polo/a alumno/a.
- As explicacións orais a partir dun guión previo.
- Diferentes exercicios de expresión escrita.
- Probas obxectivas nas que se valorará o estudado nas clases.
- As lecturas dos libros propostos en cada trimestre e os correspondentes traballos que deberá realizar o alumnado sobre deles.

A cualificación de cada avaliación farase da seguinte maneira:

- 70% probas obxectivas.
- 10% lectura obrigatoria.
- 10% exposicións orais.
- 10% exercicios de expresión escrita.

Poderá subirse nota por:

- Lecturas voluntarias (ata 1 punto)

Poderá haber descontos por:

- Non traer as tarefas feitas (ata 1 punto)
- Ortografía e presentación (ata 1 punto)

Os aspectos que se medirán para corrixir e cualificar as diferentes probas ou tarefas programadas serán os seguintes:

- Nas actividades de expresión oral valorarase o contido ou información transmitida, a claridade expositiva, o dominio dos aspectos non verbais (xestos e movementos, postura corporal, ollada...), o ton de voz e a expresividade, etc.
- Nas actividades de expresión escrita (resumos, desenvolvemento de temas, redaccións, elaboracións de noticias, composicións literarias, etc.) terase en conta a corrección gramatical e ortográfica, a presentación formal, a coherencia ou sentido lóxico do texto, a orixinalidade ou creatividade, a extensión adecuada, etc.
- Nas actividades de comprensión oral ou escrita terase en conta se o alumno formula o tema, se capta a estrutura, se comprende as informacións principais, se é quen de valorar ou amosar con espírito crítico a súa opinión persoal sobre algún aspecto concreto.
- No traballo sobre o libro de lectura valorarase a comprensión do lido, a presentación, a orixinalidade...
- No caderno de observacións do profesorado rexistraranse aspectos tales como: traballo diario, ausencia de material necesario, participación e interese, acerto das intervencións, as diferentes cualificacións obtidas nas probas ou

tarefas realizadas e a porcentaxe asignada na media trimestral...

Polo que se refire á calificación definitiva do/a alumno/a no remate do curso, en avaliación ordinaria, será o resultado da avaliación final e global e dito resultado procederá da media entre as cualificacións das tres avaliacións.

En canto á avaliación extraordinaria de setembro, o alumno/-a deberá resolver unha proba escrita na que serán avaliados catro dos bloques de contidos: Comunicación Escrita, Funcionamento da lingua, Lingua e Sociedade e Educación Literaria. Será na data e hora establecida desde xefatura de estudos. O/a alumno/a superará a materia se acada nesta avaliación extraordinaria unha cualificación igual ou superior a cinco.

6. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado que teña a materia pendente en calquera curso da ESO poderá recuperala da seguinte maneira:

1. O alumnado que ten pendente **1º e 2º de ESO** presentarse a unha proba escrita de toda a materia en **xaneiro**, se a supera terá a materia aprobada, se non terá unha segunda oportunidade en **maio** na data fixada pola xefatura de estudos. Nesta proba, igual ca na extraordinaria de setembro, serán avaliados catro dos bloques de contidos: Comunicación Escrita, Funcionamento da lingua, Lingua e Sociedade e Educación Literaria.
2. Para o alumnado que ten pendente o **3º de ESO** haberá dúas partes:
 - a. Dos bloques de contidos: Comunicación Escrita, Funcionamento da lingua, Lingua e Sociedade, presentarse a unha proba escrita de toda a materia en **xaneiro**, se a supera terá esa parte aprobada, se non terá unha segunda oportunidade en **maio** na data fixada pola xefatura de estudos.
 - b. Do bloque de Educación Literaria haberá dous parciais: Literatura Medieval, en xaneiro; e Séculos Escuros e Rexurdimento, en maio. Esta parte poderá ser substituída por un traballo escrito, que presentaran e defenderán perante a profesora a semana anterior á data do exame. As datas dos dous parciais coincidirán coas do

anterior apartado.

As datas anunciaranse ao alumnado a principio de curso.

O/a alumno/a superará a materia se acada nesta avaliación unha cualificación igual ou superior a cinco.

7. PLAN DE ENSINO SEMI-PRESENCIAL E NON PRESENCIAL

[[Fonte: *Anexo VI: Modelo de documento “Plan de continxencia do centro educativo” da actualización das Recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros do ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021* (versión 31-8-2020)]

1. O **ensino non presencial** será impartido preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado do departamento de LINGUA GALEGA realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia a través da aula virtual. Se así o considera, o profesor/-a poderá poñer tarefas ao alumnado para reforzar o contido da materia ou a súa avaliación continua.

2. O CPI José García García identificará o alumnado do centro con dificultades materiais para seguir o ensino a distancia (falta de equipo informático, conexión deficiente...) para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as dificultades da educación telemática e superen a fenda dixital.

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial (un alumno ou varios; durante un período de días ou semanas...) a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión. Se se dá este caso, o departamento adaptará esta programación ás medidas que a Consellería estableza buscando minimizar o impacto da suspensión das clases presenciais.

4. En caso de que houbese **ensino semi-presencial**, utilizariamos as clases presenciais para as explicación teóricas fundamentais, resolución de dúbidas e corrección de exercicios feitos na casa; e a través da aula virtual, proporemos as actividades de afianzamento dos contidos, e de expresión escrita ou gravación de actividades de expresión oral, que enviarían a través desta aula ao profesorado.

8. LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIA PARA OS DIFERENTES CURSOS.

➤ 1º ESO:

- ❖ Escarlatina, a cociñeira defunta, Leticia Costas, ed. Xerais
- ❖ Chamádeme Simbad, Francisco Castro; ed. Galaxia
- ❖ Contos por palabras, Agustín Fernández Paz, ed. Xerais

➤ 2º ESO:

- ❖ *Cartas de inverno*, Agustín Fernández Pax, ed. Xerais.
- ❖ A elixir un para a 2ª avaliación e outro para a 3ª entre:
 - *Megatoxos. O aprendiz de druída* de Anxo Fariña, ed. Xerais
 - *Irmán do vento*, Manuel Lourenzo González, ed. Xerais.
 - *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* de Leticia Costas, ed. Xerais.
 - *Marxinados*, de Pepe Carballude, ed. Galaxia.
 - *Poderosa* de Sérgio Klein, ed. Xerais
 - *A balada dos unicornios* de Leticia Costas, ed. Xerais.
 - *Denébola a Roxa* de Héctor Carajaraville, ed. Baía.
 - *O que sei do silencio* de Andrea Maceiras, ed. Xerais.

➤ 3º ESO.

- ❖ *Aire negro*, de Agustín Fernández Paz, ed. Xerais
- ❖ *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, ed. Galaxia
- ❖ *Penúltimas tendencias*, de Carlos Negro ou *Poetízate* de Fran Alonso, ed. Xerais

➤ 4º ESO.

- ❖ *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, ed. Galaxia.
- ❖ *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor, ed. Galaxia
- ❖ *Vento ferido* de Carlos Casares, ed. Galaxia